

Informe de valoración da documentación técnica relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor e aos avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, da contratación administrativa para a subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra (renting) mediante procedemento negociado sen publicidade.

Con data de 18 de novembro de 2014, a Mesa do Parlamento, aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para a contratación administrativa para a subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra (renting) mediante procedemento negociado sen publicidade, mediante tramitación ordinaria e un valor estimado de 38.400,00 €

Cursouse invitación para participar na contratación ás seguintes empresas:

- Alphabet España Fleet Management, s.a.
- Celestino Abreu e hijos, s.l.
- Monforte, s.a.
- Noyamóvil, s.l.

Rematado o prazo concedido, presentaron oferta no Rexistro da Cámara as seguintes empresas:

- Alphabet España Fleet Management, s.a.
- Monforte, s.a.
- Noyamóvil, s.l.

Procedeuse á apertura dos sobres presentados e o estudo da documentación neles contida. Da análise observase que, respecto do sobre B (documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor), do contido das ofertas presentadas xorden dúbidas respecto ás especificacións requiridas nos pregos.

Por este motivo procedeuse a solicitar ás tres empresas, con data de 3 de decembro de 2014, aclaración do detalle das súas ofertas conforme aos requirimentos esixidos.

As tres empresas remiten aclaración, con data de 5 de decembro, e dentro do prazo dos tres días concedidos, á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior, procedéndose ao seu estudo e valoración:

Alphabet España Fleet Management, s.a.

Á empresa solicitóuselle aclaración sobre o cumprimento das condicións da cláusula quinta dos pregos de prescrición técnica ao respecto do equipamento mínimo esixido, ao que declara que o vehículo a entregar cumpre con tódolos requirimentos técnicos estipulados nos pregos que rexen este procedemento.

Ante a solicitude de aclaración do tempo de entrega do vehículo, de resultar selo adxudicatario, dado que na súa oferta especifica que tería lugar dentro de 75 días dende a formalización do contrato, prazo que suporía incumprir o establecido no apartado 16 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas e na prescrición sexta do prego de prescricións técnicas, a empresa non comunica unha declaración responsable



conforme se poida deducir que está en condicións de cumprir cos prazos requiridos nos pregos.

Polo tanto, dado que a oferta da empresa ALPHABET non pode garantir os prazos de entrega establecidos nos pregos, prodúcese un incumprimento importante dos requirimentos deste procedemento que resultan motivo de exclusión.

Monforte, s.a.

Á empresa solicitóuselle aclaración sobre o cumprimento das condicións da cláusula quinta dos pregos de prescrición técnicas ao respecto do equipamento mínimo esixido. Na súa proposta non se detallaba a totalidade de especificacións requiridas. Na nova documentación achegada pola empresa concreta que o coche ofertado inclúe o elemento opcional "cristais laminados insonorizados", co que cumpre cos requirimentos mínimos establecidos nos pregos.

Ao respecto das restantes aclaracións solicitadas (documentación sobre rede de talleres, detalles, mantemento e cambios de neumáticos, prazo de entrega ofertado) a empresa presenta información aclaratoria suficiente.

Visto o escrito de aclaracións requirido a Monforte, s.a, e tendo en conta as especificacións presentadas na súa oferta, unha vez analizadas no seu conxunto indicar que esta proposta cumpre cos requirimentos recollidos nos pregos de prescricións técnicas.

Noyamóvil, s.l.

Á empresa solicitóuselle aclaración sobre o cumprimento das condicións da cláusula quinta dos pregos de prescrición técnicas ao respecto do equipamento mínimo esixido. Na súa proposta non se detallaba a totalidade de especificacións requiridas. Na nova documentación achegada pola empresa concreta que o pack opcional do que vén dotado o vehículo é o denominado "PACK EXCLUSIVE CUERO HIFI", que inclúe os elementos cos que se completan as esixencias requiridas nos pregos.

Ao respecto das restantes aclaracións solicitadas, referidas a unha serie de obrigas e exclusións contractuais impostas na oferta da empresa e alleas ao establecido nos pregos, cuxo acatamento e cumprimento é obrigado para o licitador, a empresa declara que acepta de modo incondicional o cumprimento das cláusulas do prego.

Visto o escrito de aclaracións requirido a Noyamóvil, e tendo en conta as especificacións presentadas na súa oferta, unha vez analizadas no seu conxunto indicar que esta proposta cumpre cos requirimentos recollidos nos pregos de prescricións técnicas.



Valoración técnica das dúas propostas admitidas con respecto aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Para a determinación do valor técnico da oferta tívose en conta a comparativa de prestacións dos compoñentes e equipamentos opcionais ofertados a maiores e a súa calidade, outorgándosele ata 25 puntos, conforme o disposto nos criterios do apartado 15 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

A proposta ofertada por Noyamóvil SL inclúe, sobre as especificacións mínimas esixidas nos pregos, o equipamento opcional denominado Pack Exclusive Coiro Hifi (inclúe llantas de aluminio de 18”), valorado no mercado en 3.845 euros sobre o prezo base do modelo.

A proposta ofertada por Monforte S.A inclúe, sobre as especificacións mínimas esixidas nos pregos, llantas de aluminio de 18”, valorado no mercado nun prezo aproximado de 200 euros a unidade.

No seguinte cadro achegase a comparativa, co correspondente reparto de puntos, dos compoñentes a maiores contidos nas dúas propostas.

Equipamentos opcionais a maiores dos esixidos	Monforte, s.a.		Noyamóvil, s.l.	
		Puntos		Puntos
HIFI	non	0	Si.	5
4 llantas aluminio 18”	si	1	Si.	1
Alarma supercierre	non	0	Si.	5
Tapizado de asientos en coiro gris escuro/gris claro	Non.mixto tela/coiro	0	si	5
Asentos dianteiros calefactados	non	0	si	2
Asento condutor con masaxe	non	0	si	2
Retrovisores exteriores electrocromo.	non	0	si	5
total		1		25

Valoración das ofertas presentadas no sobre C.

A puntuación obtida segundo a fórmula establecida no punto 15 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas é a seguinte:

a.- Prezo:

Empresas concorrentes	Prezo ofertado (sen IVE)	Puntuación
Monforte, s.a.	33.360,00	60
Noyamóvil, s.l.	38.400,00	0

b.- Menor prezo ofertado no caso de custo adicional por quilómetro realizado respecto ao máximo de 180.000 km.:

Empresas concorrentes	Prezo ofertado (sen IVE)	Puntuación
Monforte, s.a.	0,00400	5,00
Noyamóvil, s.l.	0,03700	0,54

c.- Maior prezo ofertado no caso de abono por quilómetro non realizado respecto do máximo de 180.000 km.: de 0 a 5 puntos

Empresas concorrentes	Prezo ofertado (sen IVE)	Puntuación
Monforte, s.a.	0,02500	5,00
Noyamóvil, s.l.	0,01400	2,80

d.- Emisión de CO2: oferta de vehículo con menor emisión de CO2 por debaixo do máximo de 200 g/km establecido no PPT.

Empresas concorrentes	Prezo ofertado (sen IVE)	Puntuación
Monforte, s.a.	163	5,00
Noyamóvil, s.l.	163	5,00


Polo tanto a puntuación total obtida polas empresas concorrentes segundo os criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas, é a seguinte:

Empresa	Proposta económica (sen iva)	Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmula		Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Puntuación Total
		prezo	outros		
Monforte, s.a.	33.360,00	60,00	15,00	1,00	76,00
Noyamóvil, s.l.	38.400,00	0,00	8,34	25,00	33,34

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2014.

O técnico do Servizo de Réxime Interior

Martín Nercellas Méndez



Vº e prace
O xefe do Servizo de
Réxime Interior



PARLAMENTO
DE GALICIA

F. Javier Freire González

SERVIZO DE RÉXIME INTERIO

